


Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

21-22-23 de xullo
na Illa de San Simón



festival.sins.al

Sinsal SON Estrella Galicia celebrarase do 21 ao 23 de xullo na illa de San Simón

O Festival Sinsal abre a convocatoria para participar nas ‘Audicións San Simón’, unha das actividades paralelas que terán lugar nesta edición do evento

‘Que é a música para ti?’ é a pregunta que o festival lanza ao público, quen poderá responder até o 21 de xuño a través dunha nota de voz cunha duración máxima de 10 segundos

As respostas poderanse escoitar, en aberto, nunha instalación que revivirá a primeira máquina de discos de música gravada situada no espazo público a finais do século XIX

As entradas para asistir ao festival están practicamente esgotadas, agás para a tarde do venres 21, unicamente dispoñibles desde o embarcadoiro de Meirande

Redondela, 31 de maio de 2023 - ‘Que é a música para ti?’: esta é a consulta que o Sinsal SON Estrella Galicia, que se celebrará do 21 ao 23 de xullo, lanza ao seu público. O evento ábrese á participación e presenta deste xeito a **primeira das actividades paralelas musicais** que, **ao abeiro de A Escola Sinsal**, o proxecto didáctico e divulgativo do festival, ofrecerá ás e aos asistentes. As respostas do público, que poderán chegar a través dunha nota de voz, formarán parte das **Audicións San Simón**, unha proposta que **revivirá a primeira máquina de discos con música gravada instalada no espazo público** a finais do século XIX.

A *gramola*, tamén coñecida coma *jukebox*, *rockola* ou *máquina de discos* (en galego **tocadiscos de moeda**), deuse a coñecer no espazo público un 23 de novembro do 1889 en San Francisco e converteuse nunha sensación pública, ademais dunha importantísima fonte de ingresos que salvou o fonógrafo de Edison do fracaso industrial. Consiste nun fonógrafo automático que reproduce un cilindro fonográfico e substitúe a campá acústica por unha instalación de auriculares por tubo. Este enxeño mecánico fixo posible o a **acción colectiva da escoita de música con auriculares**: entre 10 e 12 persoas podían escoitar un audio ao mesmo tempo.

Coa idea de revivir e poñer en valor o feito da escoita colectiva de música, o festival propón, no marco das actividades vinculadas ao proxecto divulgativo **A Escola Sinsal**, unha instalación nomeada **Audicións San Simón**. Durante os tres días do festival, programaranse na illa **unha serie de sesións en aberto** onde as persoas interesadas poderán recuperar ese momento. Ademais, os cilindros a reproducir durante estas sesións serán gravados **cos arquivos de audio que envíe o público** a través da convocatoria **'Que é a música para ti?'**.

Para participar, as persoas interesadas -asistentes ou non ao festival- poderán enviar, **até o 21 de xuño, unha nota de voz, dun máximo de dez segundos de duración**, respondendo a pregunta que dá nome á iniciativa, a unha liña de Whatsapp (+34 647 485 137) aberta especificamente para recoller os audios desta convocatoria. As respostas poderanse escoitar, de xeito colectivo, un mes despois na illa de San Simón, concretamente, na **exposición da Escola Sinsal** vinculada ao rexistro sonoro e que nesta edición afondará na gravación magnética e nos seus diferentes soportes. Alén da exhibición, e no marco das actividades que se realizarán como parte do proxecto divulgativo, o festival programará un **taller específico** sobre a fixación de música en soportes, concretamente, con cintas de cassette.

SINSAL SON ESTRELLA GALICIA 2023

Sinsal SON Estrella Galicia é un dos encontros sonoros máis coidados e singulares do panorama musical estatal, que ofrece cada ano, a un público reducido -800 persoas por día- a posibilidade de gozar dunha **pequena mostra da creación contemporánea máis estimulante** do momento. Neste 2023, o festival celebrarase os días 21, 22 e 23 de xullo na Illa de San Simón. Serán tres xornadas de directos con propostas musicais diversas en canto o estilo e a orixe das **máis de vinte bandas e solistas** que conformarán o **cartel secreto**: o público só coñece quen actúa cada día unha vez desembarque na illa.

Este ano o evento contará con **tres escenarios** diferentes. Neles ofrecerase unha programación aberta a todos os estilos e experiencias, desde os sons populares até a música experimental, pasando por outras iniciativas sonoras. Artistas de África, Asia, América e Europa presentarán por vez primeira en Galicia ou en España as súas creacións. Os abonos, así como as entradas de día para asistir o sábado 22 e domingo 23 están esgotados. **As últimas entradas dispoñibles que se poden adquirir en enterticket.es son as da tarde do venres 21 desde Meirande.**

Durante o desenvolvemento do festival, ademais, as e os asistentes poderán coñecer de primeira man o patrimonio natural, histórico e cultural do arquipélago conformado polas illas de San Simón e San Antón a través de diferentes **actividades divulgativas gratuítas** -como paseos con axentes sociais de proximidade, parladoiros ou mesmo talleres para público infantil- que se desenvolverán en diferentes horarios ao longo das distintas xornadas, ao igual que as actividades enmarcadas no proxecto **A Escola Sinsal**.

Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Lucía Pita | 675 404 321 | prensa@sinsalaudio.org

Sala de prensa

<http://festival.sins.al/gl/prensa>